



Como teñen que ser as parroquias ou comunidades nunha Igrexa sinodal?

Carme Solloso Blanco¹



En outubro de 2021 o papa Francisco inicia formalmente o proceso do sínodo sobre a sinodalidade na Igrexa e unha Igrexa sinodal cunha serie de fases que se van ir completando até outubro de 2023.

O sínodo, etimoloxicamente «camiñar xuntos», usouse nos comezos do cristianismo como método de ir construíndo a Igrexa. O papa cre neste modelo sinodal no que se impliquen laicos, mulleres e homes por igual, sacerdotes, bispos e todo o pobo de Deus camiñando xuntos. Ha ser o modelo que caracterice a Igrexa do terceiro milenio:

- Comuñón
- Participación
- Misión

Dende este punto de partida tócanos ver cal é a nosa realidade tanto no ámbito persoal, como comunidade, parroquia, UPA, e como Igrexa en xeral, pois Igrexa somos todas e todos.

Xorden moitas preguntas: Estamos camiñando xuntos como pobo de Deus? Como se vive dende as nosas parroquias e comunidades este sínodo no que estamos chamados a participar? Sentímonos de verdade incluídos neste proceso? Notamos o alento do Espírito sobre nós?

¹ Carme Solloso Blanco é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*. Preside o Comité de Ética Asistencial da Área Sanitaria de Ferrol.